



UNIÓN EUROPEA

nanciamento e unha relación das autoridades que intervirán na xestión e control do programa.

Páxina 0: Introducción

PO FEDER Galicia 2021-2027

O Programa componse, principalmente, de prioridades e obxectivos específicos que conteñen unha estratexia coherente cos fins comunitarios e as necesidades detectadas, unha descrición do tipo de accións que levarán a cabo, unha xustificación da lóxica de intervención segundo os obxectivos específicos establecidos, unha selección adecuada dos indicadores de produtividade e de resultados, un plan de fi-

O Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, establece os obxectivos políticos da Unión, as prioridades, os obxectivos específicos, e as accións seleccionadas para a consecución destes obxectivos, os indicadores de realización e de resultados das actuacións seleccionadas e un plan de financiamento para o seu desenvolvemento. O Programa de Galicia FEDER 2021-2027 foi aprobado mediante a Decisión C(2022) 9307 da Comisión Europea con data 7 de decembro de 2022. Pode consultarse na seguinte [ligazón](#).

De conformidade co disposto no artigo 49.1 deste Regulamento (UE), a autoridade de xestión asegurase de que exista un sitio web onde estea dispoñible a información sobre os programas dos que son responsables, que inclúa os obxectivos, as actividades, as oportunidades de financiamento dispoñibles e os logros do programa.

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes desenvolve distintas operacións dentro do marco dos obxectivos específicos que se detallan a seguir:

Encaixe no Programa de Galicia FEDER 2021 – 2027 e nos Criterios e Procedementos de Selección de Operacións (CPSO)

Obxectivo Político: 2

Unha Europa máis verde, baixa en carbono, en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación e adaptación ao cambio climático, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.

Prioridade: P2A

Transición verde.

	Obxectivo Específico: RSO2.1 O fomento da eficiencia enerxética e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.
	Tipo de acción (CPSO): 2.1.01 Mellora da eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas públicas.
	Subtipo de acción: 2.1.01.1 Mellora da eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas públicas.
	Tipo de intervención: 045 Renovación da eficiencia enerxética ou medidas de eficiencia enerxética relativas a infraestruturas públicas, proxectos de demostración e medidas de apoio que cumpran os criterios de eficiencia enerxética.

Documentos e/ou ligazóns relacionados:

- Programa Operativo FEDER Galicia 2021-2027 a través da ligazón https://www.conselleriadefacenda.gal/documents/20696201/20882648/1.-+Programa+Galicia+2021-2027_V_3.1.pdf/287c8c3a-5882-47f9-a9d4-dec3338d7215
- Actuacións levadas a cabo durante o Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020: <https://ficheiros-web.xunta.gal/plans/po-feder-galicia-2014-20-cas.pdf>

OBXECTIVOS OBRAS EFICIENCIA ENERXÉTICA

- Mellora das condicións de confort de todo o persoal ao servizo da administración e dos cidadáns que acoden a estes edificios a realizar algún tipo de xestión.
- Mellora da accesibilidade e da funcionalidade.
- Mellora da eficiencia da administración en xeral, adaptando as infraestruturas á estrutura administrativa e ás necesidades da súa relación coa cidadanía.
- Conservación do Patrimonio da Comunidade Autónoma.
- Redución do consumo enerxético asociado á utilización destes edificios co conseguinte aforro económico.
- Mellora ambiental, coa redución da emisión de gases contaminantes á atmosfera, e polo tanto da pegada ecolóxica dos servizos prestados.

No ámbito da política enerxética, o Goberno galego ten entre as súas prioridades a redución da dependencia enerxética do exterior, a diversificación das fontes enerxéticas e a protección ambiental. A consecución destes obxectivos vese favorecida coa adopción de medidas de aforro e eficiencia enerxética e de utilización de enerxías renovables que, como a biomasa, son autóctonas e evitan a emisión de gases de efecto invernadoiro, ademais de permitir a obtención de importantes aforros económicos.

As administracións públicas -e o sector público no seu conxunto- teñen a obriga de asumir un papel protagonista no impulso de medidas tendentes ao aforro enerxético e á eficiencia enerxética.

Estas medidas non só deben abranguer aspectos lexislativos e da área de fomento da iniciativa privada, se non que se deben traducir na aplicación de medidas por parte das administracións públicas, como grandes consumidoras de enerxía, servindo ademais como función dinamizadora e exemplarizante de cara ao resto da sociedade.

A dependencia enerxética do exterior de Galicia que, como a do resto de España, presenta o importante condicionante da non dispoñibilidade de petróleo ou gas natural, pode verse diminuída grazas á adopción de medidas de cara á redución no

consumo enerxético e, adicionalmente, á substitución de fontes de enerxía que deben importarse do exterior por outras fontes autóctonas.

Neste contexto as medidas xerais previstas son as seguintes:

- Actuacións de fomento do aforro enerxético.
- Medidas encamiñadas a promover o aproveitamento eficiente da enerxía.
- Accións de apoio á xeración de enerxía con menores emisións á atmosfera (aproveitamento de enerxías renovables).

Este tipo de medidas, que levan asociados importantes beneficios ambientais, tamén permiten obter considerables aforros económicos para as entidades públicas ou privadas que as levan a cabo.

Con este tipo de actuacións preténdese a redución do gasto realizado polas administracións públicas en materia enerxética, coa posta en marcha de accións que reduzan o consumo e melloren a eficiencia enerxética das súas instalacións. Concretamente o Programa Operativo do FEDER para o período 2021-2027 inclúe como prioridade de investimento o apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos e as vivendas.

As actuacións pódense resumir nos seguintes apartados:

- Mellora da envolvente dos edificios, fundamentalmente actuando sobre o illamento das cubertas e das fachadas, así como mellorando o illamento de fiestras, etc.
- Instalación de sistemas de calefacción e climatización máis eficientes, substituíndo caldeiras que empregan combustibles fósiles por outras que empreguen biomasa, mellora enerxética dos sistemas de climatización, etc.
- Mellora da iluminación das oficinas, instalando lámpadas de baixo consumo enerxético e automatizándoa.
- Instalación de paneis fotovoltaicos